

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011798	IES Alexandre Bóveda	Vigo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	1º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	10
4.1. Concrecións metodolóxicas	52
4.2. Materiais e recursos didácticos	52
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	53
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	53
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	55
6. Medidas de atención á diversidade	56
7.1. Concreción dos elementos transversais	57
7.2. Actividades complementarias	58
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	60
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	61
9. Outros apartados	61

1. Introducción

A programación didáctica é un instrumento pedagóxico e didáctico co que conta o corpo docente para artellar de xeito flexíbel as actuacións precisas e acadar co alumnado obxectivos e competencias que nos dá o currículo para cada etapa e materia. A programación didáctica debe establecer prioridades no proceso de aprendizaxe (nas súas dúas acepcións de adquirir e transmitir coñecementos), así como clasificar os obxectivos e contextualizar os contidos do currículo. Deste xeito, unha programación didáctica debe presentar de forma coherente diferentes partes relacionadas entre si para acadar o éxito. Estas partes son: obxectivos, competencias, contidos, metodoloxía e avaliación. Así mesmo, debe desenvolver mecanismos para integrar todo o alumnado no proceso de aprendizaxe e facer unha educación inclusiva. Daquela, a atención á diversidade transfórmase nun elo central para o alumnado con necesidades específicas. Só deste xeito podemos garantir o acceso ao ensino en equidade.

Se fixermos ben o noso traballo como docentes o alumnado terá unha aprendizaxe intelixente e así comprenderá mellor o mundo que o rodea. É moi importante potenciar a súa creatividade así como a reflexión sobre temas de actualidade, afondando con rigor nos contidos, para ter unha educación o máis global posíbel. Así é como desenvolvemos no estudantado o pensamento crítico e o descubrimento das súas competencias, que indican as súas capacidades de aplicar e adaptar o aprendido a novas situacións e contextos.

Esta programación didáctica baséase nos seguintes textos legais:

Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza.

Recomendación do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de decembro de 2006 sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente.

Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza, con relación á exención da materia de lingua galega.

Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia

O IES Alexandre Bóveda é un centro ubicado na cidade de Vigo, no barrio de Coia. Este barrio é un dos máis populosos da cidade con máis de 30.000 habitantes. Medrou moito a partir dos anos 60 despois da construción dun polígono de vivendas, converténdose hoxe nunha zona con moito espazo verde e moi dinámica.

O centro ten máis de 850 estudantes e a súa oferta educativa consta de ESO e Bacharelato, con tres especialidades: científico-técnico, de ciencias sociais e humanidades e, finalmente, de artes (música e artes escénicas). Alén disto, ten catro centros de primaria adscritos: CEIP Seis de Nadal, Balaídos, Illas Cíes e Virxe do Rocío. O alumnado pertence, maioritariamente, a familias de clase media traballadora. Por regra xeral, temos pouco alumnado estranxeiro ou de fóra da comunidade, que acostuma ter unhas horas lectivas semanais por curso en agrupamentos específicos para a súa mellor integración.

A materia de Lingua Galega e Literatura, de libre configuración autonómica, é importante no desenvolvemento cognitivo e persoal do alumnado porque, á parte dos coñecementos académicos que achega, é un espazo de recoñecemento mutuo dos valores e patrimonio que Galiza posúe como nación. A lingua galega e as súas manifestacións culturais poden ser o lugar onde a nosa xuventude reafirme o sentimento de pertenza e se sinta orgullosa do noso, da nosa identidade como pobo. Tamén o alumnado debe coñecer e valorar a capacidade comunicativa da nosa lingua coa lusofonía, da que o galego fai parte por termos unha orixe común.

Para sabermos o grao de uso da lingua galega entre o noso alumnado fixemos unha enquisa sociolingüística a principios de 2017. Segundo os datos que deitou esa enquisa o alumnado do IES Alexandre Bóveda é maioritariamente castelanfalante. Máis dun 91% aprendeu a falar en castelán, aínda que logo o din que non teñen dificultades para se expresaren en galego. Menos dun 4% declárase galegofalante, aínda que logo esa porcentaxe sobe até un 53% se os interlocutores son os avós. Talvez o dato para a esperanza o temos na cuestión 12 da enquisa en que lles preguntabamos cal é a lingua que utilizan se lles falan en galego. Un 76,9% respondeu que nese suposto sempre falan en galego. Teríamos que saber se esta resposta é verdade ou se só expresa o que o alumnado quere que creamos. Se fose certa a resposta moitas situacións que se desenvolven en castelán pasarían a se desenvolver en galego só con que un dos interlocutores falase esa lingua. Así que temos traballo abondo para acadar a total normalización lingüística no noso centro.

A materia de Artes Escénicas de 2º de Bacharelato, troncal na modalidade de Artes, está adscrita ao departamento de Lingua Galega e Literatura desde o curso 2008-2009. Esta materia impártese en lingua galega e, polas súas características académicas, contribúe á normalización lingüística do centro a través do desenvolvemento de actividades prácticas que se concretizan nunha función anual no salón de actos do instituto.

A Programación pretende ser a ferramenta que facilite as seguintes tarefas:

Planificar o traballo de maneira eficaz.
 Reflexionar sobre o proceso de aprendizaxe do alumnado
 Estabelecer pautas para a avaliación.

A situación creada a partir do estado de alarma e confinamento da poboación pola pandemia de Covid-19 que se prolongou de marzo a xuño de 2020 fixo que o alumnado non seguisse as aulas co aproveitamento programado. Así que houbo que desenvolver rapidamente a actividade en liña e unha parte do temario ficou sen impartir. Por este motivo, durante o curso (2020-2021) a aula virtual converteuse nun recurso importante. As nosas actividades docentes a partir de entón, tanto na modalidade de ensino presencial como a docencia en liña, teñen un alicerce importantísimo na aula virtual.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Unidade 1 - 22 segundos, Eva Mejuto	<p>O alumnado reflexionará sobre as características da conversa a través da identificación e recreación de situacións da comunicación oral espontánea, e a fonderá nos factores que determinan a adecuación textual mediante a escolla de diferentes rexistros.</p> <p>Afondarase na tipoloxía textual distinguindo entre textos literarios e non literarios segundo a intención comunicativa.</p> <p>O alumnado coñecerá o vocabulario o ámbito escolar: espazos físicos do instituto e da aula, as persoas, actividades e materiais que nel se empregan.</p> <p>Achegamento á diversidade lingüística do mundo a partir das familias de linguas, nas que se localiza o galego dentro das linguas románicas e en relación á lusofonía.</p> <p>O estudo dos elementos do acto comunicativo asociarase ao recoñecemento das unidades lingüísticas dende a a palabra ata o texto, deténdose no enunciado e os seus tipos.</p> <p>Repaso do alfabeto galego e das correspondencias entre sons e grafías.</p> <p>A avaliación inicial realizarase os primeiros días do curso.</p>	10	11	X		
2	Unidade 2 - A paga, Jacobo Fernández Serrano	<p>O alumnado poderá reflexionar sobre a paga que os adolescentes adoitan recibir por parte de seus pais. Ademais, achegaranse á importancia da coherencia na comprensión dun texto, así como ao papel destacado dos elementos non verbais e da prosodia para unha comunicación efectiva.</p> <p>Afondarase nas peculiaridades da banda deseñada ao conxugar palabra e imaxe.</p> <p>O alumnado coñecerá o vocabulario propio dos animais, tanto de nomes de especies como dos sons que emiten e dalgunhas outras peculiaridades.</p> <p>Continuamos o estudo das clases de palabras prestándolle unha especial atención ao substantivo (tipos e xénero e número), adxectivos e frase substantiva e nominal.</p> <p>Estudo da sílaba, distinción da sílaba tónica</p>	10	11	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Unidade 2 - A paga, Jacobo Fernández Serrano	e diferenzas entre ditongos e hiatos.	10	11	X		
3	Unidade 3 - Matateu, Érica Esmorís	<p>O alumnado poderá reflexionar sobre os malos tratos aos animais e tamén sobre as experiencias de ter mascota. Ademais, afondarán nos conceptos de tema, título e idea principal dun texto de escrito. Tamén completarán o percorrido iniciado nas dúas unidades anteriores a través das propiedades textuais para prestarlle atención a esta á cohesión.</p> <p>Afondarase nas características do texto narrativo e na voz narradora.</p> <p>O alumnado coñecerá o vocabulario propio dos oficios e profesións e tamén dos obxectos vinculados a estas. Tamén se achegarán aos sufixos característicos neste campo semántico.</p> <p>Céntrase neste caso no plurilingüismo do Estado español e préstaselle atención ao estatus legal de cada unha desas linguas, ademais de deterse no parentesco entre elas.</p> <p>A unidade está centrada, no que a este apartado respecta, no verbo, en concreto na conxugación, no tempo e no modo dos verbos regulares.</p> <p>Uso de c / z / qu</p>	10	11	X		
4	Unidade 4 - «As campioas discretas», Nós diario	<p>O alumnado poderá reflexionar sobre o deporte feminino e as súas dificultades para facerse visible ante a sociedade. Ademais, achegaranse á importancia do título na comprensión e estruturación dun texto, así como ao papel da anáfora como recurso de cohesión.</p> <p>Afondarase nas peculiaridades do texto xornalísticos e nos coñecidos como seis w.</p> <p>Avanzamos no estudo das clases de palabras prestándolle unha especial atención ao corpo humano, tanto no que ten que ver con partes concretas como nos tabús e eufemismos que se xeran arredor deles, así como tamén en adxectivos relativos ao físico das persoas.</p> <p>Centrarémonos desta volta no pronome persoal, coñeceremos os seus paradigmas tónico e átono para centrarnos a continuación na colocación da serie átona, na distinción te/che e no pronome átono de CD en terceira persoa.</p> <p>Estudo da acentuación diacrítica e tamén da diérese.</p>	11	12		X	
5	Unidade 5 - Glok, Eduardo Santiago	O alumnado reflexionará, a través dun texto protagonizado por unha nena e un trasno, sobre os problemas que crea a falta	11	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Unidade 5 - Glok, Eduardo Santiago	<p>de empatía para a adaptación nun grupo determinado. Así mesmo, o tempo dedicado á oralidade centrarase nas fórmulas de saúdo. Ademais, achegaranse á importancia da deíxe como elemento fundamental da cohesión e tamén na fraseoloxía.</p> <p>Afondarase nas características e tipos de descrición escrita.</p> <p>O alumnado coñecerá o vocabulario propio da vestimenta. O apartado inclúe unha listaxe de termos, fraseoloxía relacionada e tamén a polisemia da palabra fío, así como os nomes de as pezas de roupa asociadas a determinadas profesións.</p> <p>Centrámonos no plurilingüismo existente en España e no estatus legal e na situación social das distintas linguas. Así mesmo, préstaselle atención ao parentesco entre linguas.</p> <p>Continuamos co estudo das clases de palabra introducíndonos no verbo, con atención á conxugación, tempo e modo dos verbos regulares.</p> <p>Uso de c/z /qu; uso de cc e ct.</p>	11	12		X	
6	Unidade 6 - «Animais que curan», Sermos Galiza	<p>O alumnado poderá reflexionar sobre os beneficios emocionais e psicolóxicos dos animais e, por este motivo, a súa utilización en terapias. Así mesmo, na unidade incidirase no proceso de dar e recibir información . Por outra parte, achegaranse á importancia do subliñado como técnica de traballo e á importancia da como elemento básico de cohesión.</p> <p>Afondarase nas peculiaridades na reportaxe e na súa estrutura.</p> <p>Avanzamos no estudo das clases de palabras prestándolle unha especial atención ás novas tecnoloxías e tamén a algunhas iconas utilizadas en informática.</p> <p>Ademais, o apartado dará pé a xerar opinións sobre algúns retos e interrogantes que aínda xeran os dispositivos electrónicos e Internet.</p> <p>Centrarémonos desta volta no pronome persoal, nos verbos con alternancia vocálica, nos verbos irregulares e nas formas infinitas e nas perífrases verbais.</p> <p>Estudo do uso de b e v.</p>	11	12		X	
7	Unidade 7 - «Grafiteiras», «Nós sabemos»	<p>O alumnado poderá achegarse ás conexións entre a poesía e a cultura urbana, así como as inqedanzas dos máis novos. Así mesmo, o tempo dedicado á oralidade deterase tamén na poesía, dado que se traballará o recitado e achegarase o</p>	12	12			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Unidade 7 - «Grafiteiras», «Nós sabemos»	<p>alumnado ás regueifas. No tocante á expresión escrita deteranse tamén no verso e na súa relación coa imaxe.</p> <p>Afondarase nas características da lírica e no ritmo e na rima, ademais de incidir na relación entre canción e poesía.</p> <p>O alumnado coñecerá o vocabulario propio dos medios de transporte e tamén nas palabras compostas.</p> <p>Centrámonos desta volta na biografía lingüística e atendemos a conceptos como lingua ambiental, desigualdade social e normalización lingüística.</p> <p>Avanzamos co estudo das clases de palabra achegándonos arestora aos adverbios e á frase adverbial e ás preposicións e á frase preposicional.</p> <p>Uso de h, os signos de puntuación e o punto.</p>	12	12			X
8	Unidade 8 - O valo, Carlos Labraña	<p>O alumnado poderá reflexionar sobre as circunstancias que xeran no mundo desprazamentos de poboación, xa sexa en forma de refuxiados ou de migracións en xeral. Seguindo esta liña, na unidade debaterase sobre fronteiras. No tocante á expresión escrita, o alumnado achegarase ao resumo.</p> <p>Afondarase nas singularidades do texto teatral.</p> <p>Avanzamos no estudo das clases de palabras prestándolle unha especial atención ao coidado do medio. Ademais, o apartado dará pé a xerar opinións sobre accións beneficiosas para o ambiente.</p> <p>Entraremos xa no estudo da sintaxe comezando polo suxeito e o predicado.</p> <p>Estudo do uso de r/rr, a coma e o punto e coma.</p>	12	12			X
9	Unidade 9 - Ti non es de aquí	<p>O alumnado introducirase nas características do texto instrutivo a partir da lectura do texto que pertencente ás instrucións do xogo de mesa. Pola súa parte, o tempo dedicado á oralidade estará dedicado nesta derradeira unidade do curso á exposición oral. No tocante á expresión escrita farán algunhas actividades relacionadas cos retos e emprenderán xa un repaso dalgunos aspectos gramaticais vistos ao longo do curso.</p> <p>Afondarase nas características das normas e instrucións de uso.</p> <p>Este apartado péchase co vocabulario propio do deporte e tamén dos xogos de mesa.</p> <p>Centrámonos, para concluír o curso, nas</p>	13	12			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Unidade 9 - Ti non es de aquí	variedades xeográficas do galego e a súa relación coa variedade estándar. Ademais, prestarémoslle atención ao galego falado máis alá das fronteiras políticas de Galicia. Nesta derradeira unidade complétase a aproximación á sintaxe co estudo do complemento directo, indirecto e dos complementos circunstanciais. Uso de x/s, os dous puntos e os puntos suspensivos.	13	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Unidade 1 - 22 segundos, Eva Mejuto	11

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado recoñece as linguas da Península Ibérica e identifica algúns trazos dos repertorios lingüísticos das variedades dialectais.	PE	60
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado planifica e redacta textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado.		
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado revisa os propios textos e fai propostas de mellora; identifica e algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.		
CA3.3 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	O alumnado le textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades.		
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado crea textos con intención literaria en distintos soportes a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado coñece e sabe distinguir os trazos diferenciais entre a lingua oral e a lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.		
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado identifica prexuízos e estereotipos adoptando unha actitude de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.		
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valora a forma e o contido de textos escritos e orais, avaliando a súa calidade e procedementos comunicativos empregados.		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza narracións e exposicións orais sinxelas axustándose ás convencións dos diversos xéneros discursivos.		
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa en interacción informais de maneira activa e adecuada.		
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global e a información máis relevante en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos.	TI	40
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado localiza información de maneira guiada respectando os principios de propiedade intelectual.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	O alumnado adopta hábitos de uso crítico, seguro e saudable das tecnoloxías dixitais reflexionando sobre as posibles manipulacións.		
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado explica a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento da lingua.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado identifica os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado asiste e participa activamente nas actividades do obradoiro de poesía, expresa a súa opinión sobre un poema da súa elección e colabora na escrita dun poema colectivo.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valora a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade e eficacia dos procedementos comunicativos empregados.		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado identifica, en textos dados e na obra de lectura obrigatoria, algúns trazos formais do xénero narrativo (voz narradora, tempo, espazo...).		
CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado establece de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas.		
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	O alumnado localiza información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade adoptando un punto de vista crítico.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado revisa os textos propios de maneira guiada e fai propostas de mellora.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado explica e argumenta a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado formula xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa. - Recoñecemento das linguas da Península Ibérica, especialmente do portugués, do éuscaro e do catalán. - Os países lusófonos: localización, poboación, costumes... Coñecemento das primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Iniciación ao coñecemento do léxico. - Iniciación á reflexión interlingüística. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e exploración das formas de os evitar. - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.

Contidos

- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
2	Unidade 2 - A paga, Jacobo Fernández Serrano	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado recoñece as linguas da Península Ibérica e identifica algún trazo dos repertorios lingüísticos das variedades dialectais.	PE	60
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado planifica e redacta textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado.		
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado revisa os propios textos e fai propostas de mellora; identifica e algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.		
CA3.3 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	O alumnado le textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades.		
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado crea textos con intención literaria en distintos soportes a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado coñece e sabe distinguir os trazos diferenciais entre a lingua oral e a lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.		
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado identifica prexuízos e estereotipos adoptando unha actitude de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	TI	40
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valora a forma e o contido de textos escritos e orais, avaliando a súa calidade e procedementos comunicativos empregados.		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza narracións e exposicións orais sinxelas axustándose ás convencións dos diversos xéneros discursivos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa en interacción informais de maneira activa e adecuada.		
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global e a información máis relevante en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos.		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado localiza información de maneira guiada respectando os principios de propiedade intelectual.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	O alumnado adopta hábitos de uso crítico, seguro e saudable das tecnoloxías dixitais reflexionando sobre as posibles manipulacións.		
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado explica a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento da lingua.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado identifica os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado asiste e participa activamente nas actividades do obradoiro de poesía, expresa a súa opinión sobre un poema da súa elección e colabora na escrita dun poema colectivo.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valora a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade e eficacia dos procedementos comunicativos empregados.		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado identifica, en textos dados e na obra de lectura obrigatoria, algúns trazos formais do xénero narrativo (voz narradora, tempo, espazo...).		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado establece de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas.		
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	O alumnado localiza información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade adoptando un punto de vista crítico.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado revisa os textos propios de maneira guiada e fai propostas de mellora.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado explica e argumenta a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado formula xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa. - Recoñecemento das linguas da Península Ibérica, especialmente do portugués, do éuscaro e do catalán. - Os países lusófonos: localización, poboación, costumes... Coñecemento das primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Iniciación ao coñecemento do léxico. - Iniciación á reflexión interlingüística. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e exploración das formas de os evitar. - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.

Contidos

- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.
- Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.
- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da pa-labra e dos usos manipuladores da linguaxe.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da pa-labra e dos usos manipuladores da linguaxe.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audien-cia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.
- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramati-cal e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consul-ta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha prese-lección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movemen-tos artísticos.

Contidos

- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
9	Unidade 9 - Ti non es de aquí	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado recoñece as linguas da Península Ibérica e identifica algúns trazos dos repertorios lingüísticos das variedades dialectais.		
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado planifica e redacta textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado.	PE	60

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado revisa os propios textos e fai propostas de mellora; identifica e algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.		
CA3.3 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	O alumnado le textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades.		
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado crea textos con intención literaria en distintos soportes a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado coñece e sabe distinguir os trazos diferenciais entre a lingua oral e a lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.		
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado identifica prexuízos e estereotipos adoptando unha actitude de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.		
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valora a forma e o contido de textos escritos e orais, avaliando a súa calidade e procedementos comunicativos empregados.		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza narracións e exposicións orais sinxelas axustándose ás convencións dos diversos xéneros discursivos.	TI	40
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa en interaccións informais de maneira activa e adecuada.		
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global e a información máis relevante en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado localiza información de maneira guiada respectando os principios de propiedade intelectual.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	O alumnado adopta hábitos de uso crítico, seguro e saudable das tecnoloxías dixitais reflexionando sobre as posibles manipulacións.		
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado explica a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento da lingua.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado identifica os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado asiste e participa activamente nas actividades do obradoiro de poesía, expresa a súa opinión sobre un poema da súa elección e colabora na escrita dun poema colectivo.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valora a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade e eficacia dos procedementos comunicativos empregados.		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado identifica, en textos dados e na obra de lectura obrigatoria, algúns trazos formais do xénero narrativo (voz narradora, tempo, espazo...).		
CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado establece de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas.		
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e respecto aos principios de propiedade intelectual.	O alumnado localiza información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade adoptando un punto de vista crítico.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado revisa os textos propios de maneira guiada e fai propostas de mellora.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado explica e argumenta a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado formula xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúde e despedida, agradecemento e des-culpa. - Recoñecemento das linguas da Península Ibérica, especialmente do portugués, do éuscaro e do catalán. - Os países lusófonos: localización, poboación, costumes... Coñecemento das primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Iniciación ao coñecemento do léxico. - Iniciación á reflexión interlingüística. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e exploración das formas de os evitar. - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.

Contidos

- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe.
- Producción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.
- Producción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co círculo literario e lector
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados

Contidos

- (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A programación didáctica desenvolverase de acordo cos seguintes principios metodolóxicos xerais. O profesorado da materia poderá adaptar a metodoloxía a cada caso concreto, segundo estime conveniente en función das características e circunstancias do seu alumnado.

Enfoque comunicativo: Promoverase a aprendizaxe da lingua galega como instrumento de comunicación mediante a realización de actividades prácticas que supoñan un intercambio comunicativo xenuíno ou simulen situacións de comunicación reais.

Atención á forma: Prestaráselle atención explícita á gramática e ao léxico da lingua para asegurar o desenvolvemento da competencia lingüística necesaria. A realimentación correctiva axustarase ao tipo de práctica (controlada ou libre) e á importancia ou persistencia do erro. Realizaranse exercicios prácticos de diversos tipos.

Destrezas básicas: Todas as unidades didácticas incluírán actividades prácticas estruturadas das catro destrezas básicas: escoitar, falar, ler e escribir. Realizaranse exercicios prácticos de diversos tipos: responder preguntas de comprensión, conversa, ditado, redacción, etc.

Metodoloxía activa: Empregarase unha metodoloxía activa e participativa que favoreza o traballo individual e cooperativo do alumnado.

Traballo en equipo: As actividades realizadas en parellas ou grupos multiplican o tempo de práctica oral do alumnado; son especialmente axeitadas para clases numerosas e heteroxéneas.

Motivación: Empregaranse materiais acordes cos intereses do alumnado para estimular a súa motivación, especialmente materiais audiovisuais como cancións ou vídeos.

Autonomía: Realizaranse actividades que, na medida do posíbel, teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e favorezan a autonomía do alumnado de cara a aprendizaxe da lingua galega.

Uso das TIC: Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

Proxectos: Poderán realizarse proxectos e outras actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado desenvolver máis dunha competencia ao mesmo tempo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto: Lingua Galega e Literatura 1º ESO, Editorial Xerais, 2022. ISBN: 978-84-9121-869-2
Libros de lectura obrigatoria.

Encerado dixital interactivo: Case todas as aulas dispoñen dun encerado dixital interactivo que permite a completa integración nas clases dos materiais audiovisuais e das TIC.
Aula virtual: O instituto dispón dunha aula virtual en liña onde o profesorado pode crear cursos cunha morea de actividades de diferentes tipos (apuntamentos, tarefas, cuestionarios, etc.) e con distintas finalidades (reforzo, consolidación, ampliación, avaliación, etc.).
Fichas fotocopiábeis: Os materiais para o profesorado do libro de texto inclúen numerosas fichas fotocopiábeis de diferentes niveis que poderán usarse para reforzo, consolidación ou ampliación dos contidos.
Outros materiais: Poderán usarse, así mesmo, outros materiais diversos seleccionados polo profesorado: materiais impresos, gravacións, vídeos, etc.

Os materiais e recursos didácticos relacionados empregaranse no desenvolvemento da programación desta materia. O libro de texto é o recurso principal: ofrece materiais adecuados na lingua galega de xeito conveniente para o alumnado e o profesorado. Os recursos electrónicos son complementarios e o profesorado da materia fará uso dos que estime convenientes.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nos primeiros días do curso, o profesorado realizará unha avaliación inicial do alumnado a fin de diagnosticar posíbeis dificultades individuais ou colectivas e axustar a acción docente ás necesidades dos seus alumnos e alumnas. Cada profesor/a determinará que procedementos son os máis apropiados para realizar esta avaliación en cada grupo de alumnos/as en función das circunstancias particulares do grupo. Dado que o obxectivo desta avaliación non é cualificar o alumnado, senón obter información para orientar a actividade docente, os procedementos seguintes poden considerarse especialmente apropiados:

1. Revisión do expediente do alumnado novo co fin de coñecer a cualificación obtida na materia en cursos anteriores e, no seu caso, as medidas de reforzo educativo adoptadas.
2. Cuestionario que permita coñecer os intereses e motivación do alumnado en relación á aprendizaxe da lingua galega, así como as súas fortalezas e debilidades.
3. Proba diagnóstica global breve seguida dun estudo máis detallado do alumnado que teña resultados atípicos.

Unha vez realizada a avaliación inicial, adoptaranse, en caso necesario, as medidas de atención á diversidade máis adecuadas, coa conformidade do alumnado e os seus pais, nais ou titores legais, e co asesoramento do departamento de orientación e da xefatura de estudos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	11	11	11	12	12	13	100
Proba escrita	60	60	60	60	60	60	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40

Criterios de cualificación:

Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións parciais. O profesorado avaliará o desempeño do alumnado con respecto dos contidos e criterios de avaliación referidos no capítulo 3 desta programación didáctica e detallados a continuación. Aínda que cada avaliación se centrará nos contidos impartidos, tratándose dunha materia de avaliación continua e progresiva, tamén poderá avaliarse a consolidación de contidos de avaliacións previas.

A cualificación de cada trimestre obterase tendo en conta os seguintes aspectos:

- A) Proba(s) escrita(s) de avaliación

Versarán sobre os contidos impartidos en clase a partir do libro de texto e apuntamentos.

Se se realiza máis dunha proba escrita, acharase a media aritmética entre elas.

Ortografía: cada erro ortográfico baixará a cualificación das probas escritas 0,10 puntos até un máximo de 2 puntos.

B) Libros de lectura

O alumnado lerá un mínimo de tres libros ao longo do curso ou unha escolma de textos literarios a proposta do departamento.

A lectura destes libros será obrigatoria.

Realizárase unha proba individual de comprobación de lectura de cada un dos libros ou un traballo.

Cada lectura voluntaria realizada polo alumnado poderá mellorar a cualificación da avaliación até un máximo de 0,5 puntos, atendendo aos criterios marcados polo profesorado.

C) Probas de control de estudo e tarefas realizadas na clase e na casa

Poderán realizarse en calquera momento e sen previo aviso.

Versarán sobre a materia dada en clase nas últimas semanas ou días.

D) Caderno

Todos os alumnos e alumnas deben ter un caderno da materia. O profesorado poderá revisar e/ou recoller os cadernos do seu alumnado en calquera momento. Nesta revisión valoráranse os seguintes aspectos: presentación, organización de contidos, realización de todas as tarefas, disposición e conservacións adecuadas do material impreso facilitado polo profesorado (fotocopias, fichas de traballo,...)

E) Traballos

O profesorado de Lingua Galega e Literatura poderá propor ao seu alumnado diferentes traballos obrigatorios ao longo do curso.

Os traballos obrigatorios e voluntarios serán individuais ou grupais.

Non se cualificarán os traballos que non se axustaren aos criterios esixidos polo profesorado.

O alumnado terá que expor oralmente o seu traballo se así llo indica o profesor ou profesora.

O profesorado poderá propor traballos voluntarios ao seu alumnado.

O profesorado indicará o tema e as características que deben cumprir os traballos voluntarios.

Estes traballos voluntarios computarán sempre positivamente até un máximo de 0,5 puntos e sumaranse á cualificación final da avaliación.

Considerárase tamén traballo voluntario a participación en actividades complementarias organizadas por este departamento como a revista do centro, concursos literarios ou similares, tanto orais coma escritos.

Poderase solicitar a entrega de traballos a través da Aula Virtual ou correo electrónico.

Os traballos poden ser entregados de forma escrita ou en forma de gravacións de audio e vídeo

F) Oralidade

Será preceptivo o uso oral da lingua galega por parte do alumnado.

O alumnado terá que expor oralmente un ou máis traballos se así llo indicar o profesor ou profesora.

En cada trimestre as puntuacións obtidas polo alumnado nos instrumentos de avaliación utilizados normalizaranse no intervalo 0,00-10,00 e aplicaráselles as ponderacións indicadas a continuación a fin obter a puntuación trimestral, que será un número de dúas cifras decimais entre 0,00 e 10,00.

Ponderación de contidos:

- Probas escritas de avaliación: 60%

- Libros de lectura obrigatoria: 10%

- Probas de control, tarefas, actividades, caderno e traballos: 15%

- Oralidade: 15%

A cualificación trimestral obtérase redondeando a puntuación trimestral ao número enteiro máis próximo no intervalo 0-10 e outorgando a cualificación cualitativa correspondente: «sobresaliente» (9-10), «notable» (7-8), «ben» (6), «suficiente» (5), ou «insuficiente» (0-4).

A materia de Lingua Galega e Literatura cualifícase en avaliación progresiva, seguindo os criterios de ponderación establecidos. Porén, o profesorado poderá realizar as probas de recuperación de avaliación que se precisen para un correcto desenvolvemento da mesma.

Ao finalizarmos as tres avaliacións obteremos unha cualificación media ponderada, segundo as seguintes porcentaxes:

1ª avaliación: 30%

2ª avaliación: 30%

3ª avaliación 40%

A avaliación do terceiro trimestre e a avaliación final coincidirán no tempo, consonte ás "Aclaracións da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa relativas á organización do final de curso 2022-2023 para as etapas de ESO e de bacharelato".

Se o alumnado levar a cabo métodos fraudulentos demostrábeis na realización dunha proba escrita de avaliación ou en calquera outra actividade proposta polo profesorado, perderá automaticamente o dereito á cualificación da dita

proba.

Criterios de recuperación:

O alumnado suspenso deberá realizar exercicios de recuperación da materia das avaliación cualificadas negativamente. Alén diso, deberá facer un exame sobre os contidos non superados, ao longo das tres avaliacións ou ao final do curso, seguindo o criterio do profesorado. A cualificación final ordinaria sairá do cálculo ponderado destas dúas partes nas seguintes porcentaxes:

- Exame sobre os contidos dados (apartado A)): 80%
- Actividades relacionadas cos apartados B), C), D), E) ou F): 20%

Para superar a avaliación final ordinaria, é necesario que o alumnado obteña unha puntuación mínima de 5 puntos. Na ESO non hai proba extraordinaria.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O artigo 7.7. da Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia establece que: «Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres avaliacións realizarase nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso».

En primeiro lugar, seguirase o disposto no Artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que alude ao Plan de reforzo para as alumnas e alumnos que pasen de curso con materias sen superar:

1. O alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

2. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

3. O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

a) Identificación da alumna ou do alumno.

b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar. A alumna ou alumno e os seus familiares ou tutores legais serán informados polo profesor/a da materia dos contidos do plan de reforzo e, máis concretamente, dos requisitos necesarios para aprobar a materia pendente. Desta información quedará constancia por escrito no departamento.

c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación. Serán os establecidos na PD, coas oportunas modificacións, se for necesario.

d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento, que serán distintas ás empregadas habitualmente co resto do alumnado, xa que a falta de presencialidade na aula obriga a establecer uns mecanismos de seguimento máis ríxidos para que a alumna/o siga implicada/o na materia.

e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento: computadores portátiles, impresoras, libros de consulta, dicionarios dixitais ou en papel. Así mesmo, empregaranse outros medios dixitais como a aula virtual, ABALAR e/ou Edixgal.

f) Tarefas para desenvolver, coa debida temporalización. O alumnado deberá realizar para a súa preparación as actividades propostas de cada unidade, que deberá entregar ao profesor/a do curso en que se ache actualmente para seren corrixidas e, ao mesmo tempo, para poder consultar e resolver dúbidas.

g) Seguimento e avaliación. O seguimento deste tipo de alumnado establecerase a través de actividades, traballos,

probas e reunións virtuais ou presenciais de periodicidade mensual na hora de atención ao alumnado e ás familias. Poderanse utilizar medios telemáticos (aula virtual, programas específicos, ABALAR e outros medios dixitais).

h) Acreditación da información á familia. Farase mediante un modelo existente no centro en que conste toda a información a respecto da avaliación e dos resultados do alumno que, unha vez asinado pola nai, pai ou titores legais, será remitido ao departamento.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, se for necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirá sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberá obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

Para a avaliación deste alumnado débense ter en conta os contidos impartidos na materia no curso anterior. Polo tanto, o plan de reforzo de materias pendentes deberá elaborarse considerando esas aprendizaxes e competencias non adquiridas.

Aquelas actividades que non sexan susceptibles da súa repetición (presentacións, traballos colectivos etc.) serán adaptadas e avaliadas de modo que se poida comprobar a superación dos criterios de avaliación implicados.

Para demostrar que adquiriron os mínimos de consecución e as aprendizaxes imprescindibles para superar a materia, deberán realizar dúas probas extraordinarias, nos meses de xaneiro e maio. O alumnado que aprobe a primeira metade en xaneiro, só deberá realizar en maio a segunda parte. Aqueles que en xaneiro non superen a proba, deberán examinarse en maio da totalidade dos contidos. A realización das actividades do plan de reforzo en forma e prazo pode eximir a/o alumna/o de realizar a proba escrita se a/o profesor/a o considerar oportuno.

En canto á superación dos proxectos contidos nas tres unidades didácticas o alumnado debe entregar en tempo e forma os proxectos trimestrais non superados e/ou non entregados no curso anterior.

Para este alumnado coa materia pendente, utilizaranse os mesmos instrumentos de avaliación que para o resto do alumnado, e aplicaráselle as mesmas porcentaxes.

6. Medidas de atención á diversidade

Alén do tratamento da diversidade contemplado nas pautas metodolóxicas xerais, en caso necesario o profesorado adoptará algunha das seguintes medidas de atención á diversidade previstas na lexislación:

Actividades de reforzo: Poderán realizarse actividades de reforzo e consolidación co alumnado que non progrese adecuadamente. Poderán usarse as fichas de materiais fotocopiábeis do libro de texto ou fichas preparadas polo profesorado. Tamén poderán realizarse as actividades por medios electrónicos como a aula virtual.

Actividades de ampliación: Poderán realizarse actividades de ampliación de contidos co alumnado que teña unha competencia na lingua galega moi superior á do resto do alumnado do seu grupo. Poderán usarse os mesmos medios impresos ou electrónicos que no caso anterior, a realización de traballos sobre libros, filmes, etc.

Adaptación dos procedementos de avaliación: No caso do alumnado diagnosticado con necesidades educativas especiais, os procedementos de avaliación adaptaranse segundo corresponda, incrementado o tempo de realización das probas ou empregando probas ou instrumentos de avaliación alternativos.

Adaptación do currículo: No caso do alumnado diagnosticado con necesidades educativas especiais, con dificultades específicas de aprendizaxe ou con discapacidade, especialmente para a comprensión ou expresión oral, o profesorado da materia, en colaboración co departamento de orientación, propondrá a realización dunha adaptación do currículo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X						X	
ET.8 - Igualdade de xénero	X					X		
ET.9 - Emprendemento social e empresarial		X						

	UD 9
ET.1 - Comprensión de lectura	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X
ET.4 - Competencia dixital	X
ET.5 - Creatividade	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	
ET.8 - Igualdade de xénero	
ET.9 - Emprendemento social e empresarial	X

Observacións:

Os seis primeiros elementos transversais trátanse de xeito habitual nunha materia que ten como obxectivo o desenvolvemento da comunicación a través de medios diversos, a análise textual e a redacción de textos. Os elementos restantes trátanse incidentalmente nas unidades didácticas centradas en temas afectivos, sociais ou laborais.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Desenvolvemento dos grupos de alumnos/as para defender e estender a lingua no centro: ENCHENTA GALEGA	Trátase de afianzar o traballo realizado durante os cursos pasados co grupo de alumnos e alumnas para dinamizar o uso activo da lingua a través de intervencións sempre consensuadas. Este grupo é o núcleo dun movemento a prol da galeguización do alumnado en actividades cotiás: cartaces informativos, comunicacións orais do delegado/a de clase, información de profesorado de actividades extraescolares. Deste xeito, temos uns 60 alumnos e alumnas a traballar a prol da lingua en todos os niveis. Aprobamos en 2017 doce obxectivos que se desenvolverán este ano outra vez.			
Samaín	Celebración da festa tradicional tendo como centro a biblioteca. Calacús, doces, lecturas, terror ^z			
As imaxes do patrimonio	Temos este ano o obxectivo de nos presentar ao concurso de Ponte Nas Ondas. Consiste en procurar e describir unha imaxe do seu arquivo familiar na que se represente o noso patrimonio inmaterial galego. A foto debe ser anterior a 1970			
Conmemoración do 25 de Novembro, Día Internacional de Eliminación da Violencia contra a Muller	Faremos unha exposición de textos que teñan como tema a igualdade. A semana do 25 de novembro o alumnado de Artes Escénicas de 2º de BAC realizará unha performance a favor da igualdade con elementos que xeren sorpresa e tentando, por diferentes medios e cumprindo o protocolo Covid, a participación do alumnado.			
Día das mulleres escritoras (18 de outubro)	Desenvolveremos esta actividade xunta a biblioteca do centro e varios departamentos coa elaboración dun cartaz titulado ¿Escritoras da Galiza¿. A escolla das escritoras farase por acordo do departamento. Incluiremos tamén un perfil de cada autora realizado polo alumnado de ESO.			
Contacontos inglés-galego	En colaboración co departamento de Inglés, celebrarase na biblioteca do centro unhas sesións de contacontos en inglés e galego para o alumnado de 1º de BAC. Como outros anos, serán Charo Pita e a súa compañeira Patricia McGuill as que desenvolvan o espectáculo e facer pasar un tempo moi divertido ao alumnado.			
Letras galegas 2023	Desenvolveremos diversas actividades para lembrar a figura de Francisco Fernández del Riego, elixido pola RAG para as Letras Galegas 2023.			

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Concursos literarios: Toloscontoscortos e Saboroso son dos versos salgados	Convocaremos este ano os concursos literarios de prosa e poesía habituais no departamento de Lingua Galega e Literatura. Cos mellores textos faremos un volume que subiremos á páxina web do instituto.			
Día de Castelao e Día de Rosalía.	Na semana do 30 de xaneiro alumnado de diferentes cursos lerá textos escollidos deste autor e fará unha actividade músico-festiva para celebrarmos Castelao. A semana do 23 de febreiro desenvolveremos diferentes actividades á volta da figura de Rosalía de Castro. O centro ten proxectado facer un graffiti xigante da faciana da autora nunha parede do patio exterior. As actividades do noso departamento serán ao pé do debuxo.			
Regueifas.	Participaremos nos obradoiros de regueifas convocados polo Concello de Vigo e pola Deputación Provincial de Pontevedra, baixo a maxistral dirección dos regueifeiros Luís ¿O Caruncho¿ e Pinto de Herbón. Esta actividade desenvolverase nos cursos da ESO.			
Revista do centro: O Besbello Saltón	Proporemos ao alumnado e resto de departamentos a elaboración de traballos para a súa publicación na revista do centro. A súa publicación está prevista a finais de curso, entre maio e xuño.			
Foto / Colage con relato	Esta actividade está dirixida aos primeiros cursos da ESO. O alumnado deberá escoller unha foto familiar ou facer un colage. A continuación deberá dar unha breve explicación da imaxe (en 100 palabras). Logo entregará o traballo na aula. O profesorado redistribuirá as fotos e colages a outros/as estudantes que terán que facer un breve relato sobre a imaxe. Ao final de todo o proceso farase unha exposición coas imaxes e os dous relatos de cada unha.			
Podcast de creación literaria	En colaboración co resto de departamentos temos previsto realizar gravacións de audios de contido diverso e subilos como podcast á web do centro e á plataforma Ivoox			

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas e conferencias	Este ano temos previsto ter encontros de diferentes persoeiros da cultura galega co noso alumnado. A dramaturga Raquel Castro queremos que teña unha charla co alumnado de 1º ou 2º de ESO, despois da lectura dalgún dos seus libros. Tamén nos gustaría que viñese o debuxante cómico Luís Davila para o alumnado de 4º de ESO ou 1º de Bacharelato. Unha das autoras que nos gustaría ter no centro é Iria Collazo, para o alumnado de 3º ou 4º de ESO, despois da lectura dalgún dos seus libros. Tamén pensamos na posibilidade de facer unha mesa redonda con outras autoras como Eva Mejuto ou Antía Yáñez e así amosar a vitalidade da nosa literatura ao noso alumnado. O grupo Rompente, formado por Antón Reixa, Manuel María Romón e Alberto Avendaño, están de volta despois de máis de 40 anos da súa preentación a finais dos 70. Tentaremos ter un encontro deste grupo co alumnado de Bacharelato.			
Actuación musical dun grupo actual de música galega	Co obxectivo de achegar o lecer en galego á rapazada, tentaremos contratar o dúo As fillas de Cassandra para que fagan un pequeno concerto diante do noso alumnado			
Obradoiro de baile tradicional	Temos pensado falar con Artur Puga, profesor de baile galego e director de diferentes grupos folclóricos, para impartir un obradoiro de baile galego ao noso alumnado. Queremos que a rapazada teña interese por diferentes manifestacións da nosa cultura e pensamos que con este bailarín, que actuou coas Tanxugueiras, podemos conseguilo.			
Saída a Celanova	O alumnado de 4º de ESO terá a oportunidade de coñecer a vila de Manuel Curros Enríquez e Celso Emilio Ferreiro nun percorrido cultural. A visita incluírá guía e descubrirán os diferentes lugares históricos desa fermosa vila galega.			

Observacións:

Cómpre ter en conta que todas estas actividades teñen relación directa coa materia, polo que non se considerarán nin se inclúen aquí as actividades complementarias organizadas polo centro.

O número de actividades complementarias programadas non excederá das tres por curso, unha por trimestre. As que se desenvolven fóra do centro, contarán co permiso por escrito da nai, do pai ou dos titores legais e deberán figurar na PXA do centro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.

2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
6. Combínase o traballo individual e en equipo.
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe.
10. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas, traballos, etc.
11. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
12. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.

Descrición:

O profesorado avaliará o proceso de ensino e a súa práctica docente con respecto dos indicadores de logro nunha escala de 1 (nunca) a 4 (sempre).

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A adecuación da programación didáctica será avaliada regularmente nas reunións mensuais de departamento. Tomarase nota das propostas de revisión que se realicen nestas reunións, e na reunión final do mes de xuño valoraranse de novo de cara a incorporalas nas programacións do curso seguinte. As conclusións máis salientábeis serán recollidas na memoria final.

9. Outros apartados